




Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peños endexamais se calzaron.

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a “Marquesiña”. Non foi á escola por non ter chamba que pór e chámanlle a “Marquesiña”.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de sucre e chámanlle a “Marquesiña”.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a “Marquesiña”!